



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Prácticas	Código	616G01045	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Puentes Rivera, Iván	Correo electrónico	i.puentes@udc.es	
Profesorado	Puentes Rivera, Iván	Correo electrónico	i.puentes@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O desenvolvemento de prácticas en entidades externas supón unha oportunidade para que @s futur@s graduad@s en Comunicación Audiovisual entren en contacto coa realidade laboral e adquiran habilidades dirixidas ao ámbito profesional.</p> <p>Co obxectivo de dotar ao alumnado de Comunicación Audiovisual dunha formación práctica, complementaria á académica, que lle permita desenvolver as competencias adquiridas ao longo da súa formación universitaria, téñense incorporado ditas prácticas externas como materia optativa no Plano de Estudos.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non hai modificacións. Dado que a materia consiste na realización de prácticas profesionais en empresas e entidades, independentemente da situación sanitaria e da modalidade de traballo pola que se opte, sempre de acordo cos protocolos da organización na que o alumno/a estea a realizar a súa formación, non existirán cambios no contido da materia, sempre relacionado, incluso no caso de suspensión definitiva das prácticas e a súa substitución por tarefas alternativas, co traballo previsto inicialmente no proxecto formativo de cada quen.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas, baseadas sempre na titorización a cargo dun profesional da empresa ou entidade e a titorización académica do profesor responsable da materia, independentemente de que se teña que mudar de modalidade presencial a online ou semipresencial ou de calquera outro cambio determinado polos protocolos da entidade en cuestión, á que se aterá sempre o alumnado.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha, salvo no caso de cancelación das prácticas e imposibilidade de realizar unhas alternativas, situación na que o titor académico asumirá a totalidade da responsabilidade docente, baseada nos traballos ou tarefas substitutorios que, de acordo cos protocolos aprobados pola UDC, se podan determinar en cada caso para superar a materia.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Resolución de dúbidas a través do correo electrónico e titorías personalizadas a través de Microsoft Teams e Moodle, previa concertación de día e hora por e-mail.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non hai modificacións, agás no caso de cancelación das prácticas e imposibilidade de realizar unhas alternativas, situación na que, de acordo cos protocolos da UDC ao respecto nese momento, poderíase, de ser o caso, someter a avaliación o traballo do alumno/a sempre que tivera realizadas, como mínimo, o 50% dos horas prácticas necesarias para superar a materia, é dicir, 75. En caso contrario, tamén de acordo co marco normativo da Universidade á data, a avaliación fundamentarase exclusivamente nos traballos e tarefas alternativas que por parte do titor académico se podan indicar, que serán, en todo caso, sempre ecuanimes, pero diferentes para cada alumno/a, posto que estarán adaptados individualmente ao perfil profesional, traballo previo na entidade de prácticas e situación persoal de cada quen.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Non hai modificacións, segue sendo preciso obter, como mínimo, 5 puntos sobre 10 no traballo (prácticas en empresa ou tarefas alternativas nos supostos indicados) para poder aprobar a materia.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non hai modificacións. En todo caso, recoméndase ao alumnado que se vexa afectado pola supresión definitiva das súas prácticas que incremente notablemente a consulta das fontes bibliográficas recomendadas, substituíndo parte das horas de traballo na empresa ou entidade en cuestión, pola lectura, o manexo de bibliografía e a consulta de fontes documentales de referencia, a fin de mellorar a súa formación intelectual en relación co perfil profesional escollido.</p>
-----------------------------	---

Competencias do título

Código	Competencias do título
---------------	-------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
----------------------------------	-------------------------------



Habilidade para o uso e control de ferramentas tecnolóxicas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais e multimedia nas súas diferentes fases.	A1 A2 A3 A7 A8	B8	C3
Capacidade para deseñar, definir, completar proxectos audiovisuais e multimedia, así como para desenvolver problemas que poidan xurdir no desenvolvemento dos mesmo dun xeito eficaz.	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12	B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9	C2 C3
Habilidade para deseñar e xestionar estratexias de comunicación on e offline, tanto de xeito individual como en grupo, adaptándose ás diferentes plataformas e a súa linguaxe-forma.	A1 A2 A3 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12	B3 B6	C1 C4
Capacidade de traballo en equipo e de facer partícipes ao equipo de posibles ideas destinadas á mellora do proxecto común para obter uns resultados determinados.		B2 B4 B6 B9	
Mellora das habilidades de organización e temporalización das tarefas e procedimentos, que leven a unha xestión máis eficiente do proxecto e dos recursos asociados a éste de xeito que calquera variación respecto á planificación se efectúe dun xeito completo e integrado.	A9 A11	B2 B3 B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Desenvolvemento das competencias adquiridas nas diversas materias do grao.	Os coñecementos postos en práctica variarán en función da entidade ofertante, así como do área ao que esté adscrito o/ a estudante.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A4 A8 A9 B3 B4 B6	5	0	5
Simulación	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4	140	0	140
Atención personalizada		5	0	5



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Informe da actividade desenvolvida durante as prácticas preprofesionais. A súa estrutura e orientación, en función da tarefa desenvolvida e a entidade de destino, serán tratadas nas xuntanzas periódicas co titor académico, pero axustaranse, en todo caso, ao modelo oficial de Memoria Final do Alumno/a da UDC.



Simulación

· REQUERIMENTOS

Estar matriculad@, ou en condicións de facelo, na materia de "Prácticas".

· EMPRESAS COLABORADORAS

Dende setembro de 2020 a febreiro de 2021 daranse a coñecer, polas vías establecidas pola Facultade, aquelas prazas de prácticas que ofertan as entidades colaboradoras. Ditas ofertas incorporarán toda aquela información que poida resultar de interese para o alumnado solicitante: entidade ofertante, perfil da oferta, período de execución, horario, tipo de xornada semanal, se existe algún tipo de remuneración, etc.

Cada empresa pode determinar as súas condicións para a oferta de prácticas, sendo preciso desenvolver un mínimo de 150 horas para superar a materia.

Como parte do programa de aprendizaxe e servizo da UDC as persoas interesadas poderán facer prácticas en entidades sen ánimo de lucro, coas que a Universidade ten convenio, desenvolvendo tarefas estreitamente vinculadas á comunicación audiovisual -no seu sentido máis amplo- e ás competencias profesionais do Grao. Ditas entidades así como o perfil de prácticas que ofertan daranse a coñecer na xuntanza inicial, na que se explicará o funcionamento da materia Prácticas, e a través de Moodle.

Á marxe destas ofertas, o estudante pode solicitar o desenvolvemento de prácticas en entidades coas que a Universidade non ten establecido convenios. Neste caso, unha vez valorada a idoneidade da empresa proposta pola Comisión con competencias na materia, procederase á xestión do Convenio de Cooperación Educativa para que o estudante poda desenvolver unha estada de prácticas en dita entidade.

· PROCESO DE SOLICITUDE E SELECCIÓN DE PRÁCTICAS.

Cada oferta de prácticas levará incorporada unha data límite de presentación de candidaturas.

Rematado o prazo, inciarase o proceso de selección segundo estipule cada oferta de prácticas.

· Selección pola Facultade.

Documentación da solicitude: copia simple do expediente académico, curriculum vitae e documentos acreditativos dos méritos alegados neste (diplomas de cursos, vida laboral, etc.) Sistema de selección: unha Comisión avaliará as candidaturas atendendo a criterios de excelencia académica.

· Selección pola entidade concreta.

Documentación da solicitude: copia simple do expediente académico e curriculum vitae.

· Sistema de selección: preselección da Facultade coa fin de comprobar o cumprimento dos requerimentos mínimos para as prácticas curriculares e selección por parte da entidade.

Neste caso, será a empresa quen estipule o sistema de selección (a través do curriculum vitae, entrevista persoal cos candidatos, proba de selección, etc.), reservándose o dereito de convocar soamente a aqueles candidatos que se axusten ao perfil requerido.

Con independencia do sistema de selección, darase preferencia ao alumnado que non teña efectuado outras prácticas xestionadas por la Universidade, salvo que éstas no tiveran a duración precisa para o recoñecemento da materia.

· ADXUDICACIÓN DE PRÁCTICAS.

Unha vez rematado o proceso de selección, comunicarase ao candidato/a a súa condición de beneficiario de ditas prácticas, sendo excluído automaticamente doutros procesos de selección en marcha.

Despois de comunicar a adxudicación, procederase á xestión de toda a documentación precisa para as prácticas. Asemade, aqueles estudantes que non estean matriculados na materia deberán formalizala e presentar un documento xustificativo antes

do comezo das prácticas.

As prazas que queden desertas voltarán a ser ofertadas entre o alumnado matriculado e adxudicadas en función das súas preferencias.

@s alumn@s matriculad@s que non cheguen a ser beneficiarios dunha estadía de prácticas, terán ata febreiro de 2021 para efectuar unha solicitude de cambio de matrícula para outra materia optativa.

· RECOÑECIMENTO

O alumnado que durante o verán de 2020 ou anteriores efectuou una estadía de prácticas grazas a Convenios de Cooperación Educativa entre a Universidade da Coruña (a nome da Facultade de Ciencias da Comunicación) e unha entidade colaboradora poderá solicitar o recoñecemento de dito período como prácticas curriculares equivalentes á materia "Prácticas".

Para elo deben cumprirse os seguintes requerimentos:

- Que o/a estudante teña efectuado a matrícula na materia "Prácticas".
- Que a estadía de prácticas teña sido igual ou superior a 150 horas.
- Que o/a alumno/a teña unha valoración positiva das prácticas por parte do titor/a da entidade.
- Que o/a alumno/a entregue en tempo e forma a correspondente memoria do alumno/a, cuxa orientación e valoración correrá a cargo do titor académico.

En calquera caso, será a Comisión correspondente quen determine se, finalmente, terá lugar o recoñecemento de ditas prácticas extracurriculares como curriculares.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Simulación Portafolios do alumno	<p>· TITORÍA</p> <p>Durante todo o período de prácticas o/a estudante contará cun titor/a da empresa, quen se encargará de velar pola súa aprendizaxe e orientalo/a no desenvolvemento das súas labores, resolvendo todas as súas dúbidas e/ou problemas.</p> <p>Tamén contará cun titor interna (da Facultade), co que o/a estudante deberá reunirse para a xestión das súas prácticas e, posteriormente, se encargará do seguimento do/a estudante no seu destino de prácticas.</p> <p>En función do posto desempregado e a entidade de destino, concertaranse unhas titorías periódicas (presenciais e/ou virtuais) para que o/a estudante informe ao titor da súa evolución na empresa.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Simulación	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4	<p>O titor/a da empresa elaborará un informe final, no modelo oficial da UDC, a fin de valorar as competencias adquiridas polo alumno/a durante as prácticas, segundo a escala numérica e ítems incluídos no sinalado formulario.</p> <p>A nota da simulación de prácticas fixarase a partir desa valoración das competencias adquiridas, ata un total de 8 puntos.</p>	80
Portafolios do alumno	A4 A8 A9 B3 B4 B6	<p>Deberase entregar, no modelo oficial da UDC, unha memoria final do alumno/a con toda a información sobre as prácticas desenvolvidas. Este instrumento permitirá ao titor académico coñecer o grao de profesionalización do coñecemento teórico acadado polo alumno/a durante o seu período de prácticas a través da aprendizaxe.</p> <p>Esta memoria será valorada polo titor de prácticas da Facultade, ata un total de 2 puntos.</p>	20

Observacións avaliación

Para aprobar a materia fai falta ter aprobadas ambas as partes, memoria do alumno/a e simulación, no caso contrario podería recuperarse a parte "memoria" na convocatoria extraordinaria de setembro.

Para ser avaliado na convocatoria de xuño fai falta que o alumnado finalice o período de prácticas e entregue a memoria na data oficial do exame. Se non fora así, constaríalle como non presentado na convocatoria de xuño, deixando a cualificación para a convocatoria de setembro.

O abandono das prácticas sen causa xustificada, con independencia do número de horas efectuadas, suporá un suspenso na simulación e -por tanto- na materia.

No caso de que este abandono estea xustificado, corresponderá á Comisión valorar a situación coa documentación médica ou legal necesaria.

Ademais da súa estrutura e contido, axustado ao modelo oficial da UDC, na avaliación da memoria terase tamén en conta a súa presentación, redacción e corrección ortográfica.

Calquera memoria que conte cun fragmento superior a unha frase copiado será anulada, co consecuente suspenso na materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	Como cada estadia de prácticas ten o seu propio perfil, recoméndase ao alumno/a acudir á bibliografía das materias relacionadas coas labores profesionais que desenvolve. En calquera caso, calquera cuestión nesta liña será solventada nas titorías periódicas. Respecto á información concreta da materia Prácticas, empregarase Moodle como canle de interacción entre o estudantado e o profesor responsable da materia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase que o alumno/a teña cursado e superado todas ou case todas as materias da titulación, especialmente aquelas que teñan relación directa coa praza de prácticas e as labores asignadas a esta. En calquera caso, toda cuestión nesta liña será solventada nas titorías periódicas.

Green Campus1. En relación coa entrega das memorias finais do alumnado e informes dos titores/as profesionais: Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático. A entrega realizarase a través de Moodle, en formato dixital; sen necesidade de imprimilos. De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores.

2. Débese facer uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?).

5. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.

7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías